

AS DEFINICIÓNS

Definir unha palabra é explicar o seu significado. Para facelo, contamos con dous métodos básicos: a definición lóxica e a definición nominal. Escolleremos unha ou outra en función da **clase de palabras** que debamos definir, aínda que ás veces poden aparecer combinadas. Tamén é indispensable ter sempre en conta o **contexto** da palabra.

A **definición lóxica** consiste en describir a realidade designada por unha palabra desde o seu aspecto máis xeral (para o que usamos un hiperónimo) ata os trazos particulares. É a máis adecuada para definir substantivos concretos. Pola súa banda, a **definición nominal** explica un termo empregando unha serie de estruturas, outras palabras de mesma familia e sinónimos ou antónimos. A palabra definida non pode entrar na definición. É a forma máis axeitada de abordar substantivos abstractos, adxectivos, verbos e adverbios. Independentemente do tipo de definición que empreguemos, sempre que exista, convén que a completemos cun **sinónimo**.

En resumo, podemos tomar como modelo a información da seguinte táboa:

Clase de palabras	Mecanismo de formación	Estrutura da definición	Exemplos
Substantivos concretos	Non ten incidencia	Hiperónimo+descrición de trazos particulares (forma, tamaño, utilidade...)	<i>Alfinete</i> : peza de metal, de forma, tamaño e grosor similares aos da agulla, que acaba en punta nun dos extremos e nunha cabeza no outro. <i>Beirarrúa</i> : espazo ao lado das rúas e das estradas reservado para que circulen os viandantes. <i>Demo</i> : ser imaxinario que, popularmente e para a relixión cristiá, representa o espírito do mal
Substantivos abstractos	Derivados de adxectivos	"Condición, calidade ou carácter do que é +adx ou sinónimo do adx."	<i>Delgadez</i> : condición do que é delgado, fraco, de pouca carne; fraqueza
	Derivados de verbos	"Acción e resultado de+verbo e sinónimo do verbo ou explicación"	<i>Contaminación</i> : acción e resultado de contaminar, alterar a pureza ou as calidades naturais dun elemento; polución <i>Contaminación</i> : acción e resultado de alterar a pureza ou as calidades naturais dun elemento; polución
	Derivados de substantivos	Actitude do que... / Doutrina, sistema, movemento, tendencia...	<i>Marxismo</i> : sistema sociopolítico baseado nas teorías do materialismo dialéctico e histórico de Marx e Engels

Adxectivos	Derivados de substantivos	De... Dise do/da que...	<i>Pacífico</i> : de natureza serena, non violenta
		Dise do/da que.../ que ten forma/aspecto de...	<i>Rectangular</i> : que ten forma de rectángulo
		Relativo ou pertencente a...	<i>Urbano</i> : relativo ou pertencente á urbe ou cidade
Adverbios	Derivados de verbos	Dise do/da que (non) se pode...	<i>Urbanizable</i> : dise do que se pode urbanizar; edificable
		Dise do/da que merece, debe ou pode ser...	<i>Punible</i> : dise do que merece ou debe ser punido, castigado; castigable
		Con+substantivo	<i>Amodo</i> : con lentitude e coidado; lentamente, ao xeito
Verbos	Non ten incidencia	Dun modo/dunha forma+adxectivo	<i>Detalladamente</i> : dun modo detallado, minucioso; minuciosamente.
		Verbo de significado máis amplo ou sinónimo + explicación	<i>Axexar</i> : observar agachado con precaución e cautela, procurando non ser visto; espreitar, vixiar, espiar.

Actividades

1. Sinala nos exemplos anteriores dos substantivos concretos os hiperónimos e os trazos particulares de cada definición.

2. Completa as definicións que seguen co substantivo que describe o aspecto xeral:

a) orballo: _____ miúda e persistente.

b) chuva: _____ en forma de pingas de auga procedente da condensación do vapor de auga que existe na atmosfera.

c) pinga: _____ pequena de líquido que se desprende e cae.

d) mazá: _____ comestible da maceira.

e) maceira: _____ da familia das rosáceas, de tronco xeralmente retorto e copa redonda, follas ovadas, dentadas e flores en umbela rosáceas; o seu froito é a mazá.

f) folia: _____ dos vexetais que nacen das pólas e dos talos e que realizan a fotosíntese e a transpiración.

g) póla: _____ que saen do talo das plantas e arbustos ou do tronco das árbores, nos que, xeralmente, nacen as flores e os froitos.

3. Completa as definicións cos trazos particulares:

a) chícharo: planta leguminosa...

b) cheminea: conduto...

- c) bote: recipiente...
- d) avespeiro: sitio...
- e) entremés: prato...
- f) falopa: partícula...
- g) merlo: paxaro...

4. Le as definicións e asocia cada termo co lugar da táboa anterior que lle corresponda:

- ⇒ **Acometida**: acción e efecto de acometer, atacar.
- ⇒ **Comicidade**: calidade ou carácter do que é cómico ou gracioso.
- ⇒ **Narcisismo**: actitude do que se comprace excesivamente nas propias calidades e beleza.
- ⇒ **Pacifismo**: conxunto de doutrinas e movementos partidarios da supresión da guerra como medio de resolver os conflitos político-sociais.
- ⇒ **Abstemio**: dise da persoa que non bebe ningún tipo de bebidas alcohólicas.
- ⇒ **Adecuadamente**: dun modo adecuado, correcto.
- ⇒ **Caritativamente**: con caridade, con compaixón.
- ⇒ **Ciliar**: relativo ou pertencente ás pestanas.
- ⇒ **Colosal**: de tamaño xigantesco.
- ⇒ **Comestible**: dise do que se pode comer, inxerir.
- ⇒ **Criticable**: dise do que ou de quen merece, debe ou pode ser criticado; digno de crítica.
- ⇒ **Maniático**: dise de quen ten manías.
- ⇒ **Oval**: dise do que ten forma de ovo ou de óvalo.

5. Agora completa con sinónimos as definicións das palabras do exercicio anterior sempre que sexa posible.

6. Le o inicio de *A punta de pistola* de Fran Alonso e realiza as actividades que se propoñen debaixo:

Estirou o pescozo. Quería presentarse coa cabeza ben alta, imitando a figura esvelta de James Bond. Contemplouse no espello do ascensor. Logo, levou a man ao peto do pantalón e apalpou a pistola. Sentiuse poderoso, con ela. A súa presenza baixo a tea do vaqueiro imprimíalle na vontade unha forza case sobrehumana.

- a) Clasifica morfoloxicamente todas as palabras do texto anterior.
- b) Segmenta morfoloxicamente as palabras subliñadas, indicando tamén se son simples, derivadas, compostas ou parasintéticas.
- c) Define todas as palabras con significado léxico do texto.